

XORNADAS SOBRE NACIONALIDADE E INMIGRACIÓN

(A Coruña, 13 e 14 de xuño de 2002)

José Ricardo Pardo Gato

Avogado

Os profundos cambios acaecidos en relación co fenómeno da inmigración en España, fundamentalmente durante os quince anos de vixencia do texto legal de 1985, foron xerando unha conciencia social e xurídica arredor da conveniencia de modifica-la normativa española de estranxeiría para facerlles fronte ós continuos e incesantes fluxos migratorios, que lonxe de configurarse como unha realidade de tipo meramente conxuntural, foi adquirindo no noso país clara consistencia de realidade estrutural.

Tras un longo proceso, coa promulgación da Lei 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, quedou derrogada a antiga Lei orgánica 7/1985. Por medio da nova norma introducíronse cambios decisivos e substanciais respecto á regulación anterior, pois ademais de ampliar notablemente os dereitos e liberdades, recoñeceu a agrupación familiar, contemplou a existencia de permisos permanentes de traballo e residencia, modificou drasticamente o sistema de infraccións e sancións, agravou os delitos de tráfico de inmigrantes e orientou as políticas públicas que lle deben servir de análise a tódalas institucións, centrais, autonómicas e locais.

Pero pese a que esta nova lei veu a representa-la aceptación dunha inmigración estable en España e a creación dunhas condicións dignas que

faciliten a integración dos traballadores estranxeiros, a vixencia deste texto legal, sen embargo, resultou extraordinariamente curta, e foi reformado pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e tendo en conta ademais a recente proposición de Lei de modificación do Código civil en materia de nacionalidade do 16 de maio de 2002 (núm. de expediente 122/ 000216)¹.

No ámbito desta temática, a Escola Galega de Administración Pública e a Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia organizaron unhas xornadas, intituladas propiamente Nacionalidade e inmigración, que tiveron lugar na sede da Delegación desta Consellería na Coruña os días 13 e 14 de xuño de 2002, e que contaron coa participación dun nutrido grupo de asistentes cunhas inquietudes ó respecto que se viron colmadas e satisfeitas, en xeral, polas notorias intervencións dos distintos relatores cunha fama e coñecemento sobre o tema que os precede.

Neste marco divulgativo e participativo, cunha presentación inicial e protocolaria que correu a cargo do director da EGAP, a primeira intervención correspondeulle a Jacinto Gil Rodríguez, catedrático de dereito civil da Universidade do País Vasco, quen se referiu á nova opción ofrecida ós fillos de emigrantes e á reforma do sistema de perda. Para isto tomou como referencia os antecedentes inmediatos e as distintas proposicións de lei de emigración, que xa apuntaban a posibilidade de facilitala adquisición da nacionalidade española para estes fillos de emigrantes, aínda que se centrou principalmente na proposición de lei ofrecida polo Partido Popular, pois será esta a que en definitiva chegará ó Senado.

Esta proposición de motivos da lei ten tres liñas básicas no seu fundamento:

a) En primeiro lugar, a súa intención débese á súa vez a tres posibles motivacións:

1. A realidade social.
2. As esixencias constitucionais.
3. As melloras técnicas.

b) A exposición de motivos proclama o ser coherente co artigo 42 da Constitución española, pois o Estado deberá de velar especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro, debendo orienta-la súa política cara ó seu retorno.

¹ BOCG, Congreso dos deputados, VII Lexislatura, serie B, proposicións de lei, 16 de maio de 2002, núm. 241-1, onde se pode ve-lo informe do relatorio e o novo texto resultante da unificación das proposicións de lei con números de expediente 122/000102, 109 e 150.

c) E, en último lugar, remite ou busca lexitimación no Informe da Comisión de Nacionalidade e no Consello Xeral da Emigración.

Polo que se refire á canle e ó tipo da nacionalidade que se lles ofrece ós fillos de emigrantes, ós descendentes de emigrantes a lei ofrécelle-lo dereito de optar á nacionalidade, sen máis requisitos en principio; en palabras de Jacinto Gil «unha nacionalidade de baixa intensidade». Non obstante, é necesario que a nacionalidade do proxenitor sexa española, así o destinatario único é o da primeira xeración do nacional que emigrou, ó que se lle ofrece a nacionalidade por toda a vida. Pero, como advirte o relator, esta canle da opción non é seguro que estivese prevista nas catro propostas previas sobre a nacionalidade.

Por outra parte, o dereito a exercita-la nacionalidade española poderá solicitarse en calquera momento da vida do posible interesado, sempre que reúna as condicións precitadas. En tal sentido, debe terse igualmente presente que para optar á nacionalidade española é necesario renunciar á nacionalidade que se posuía con anterioridade, coa excepción dos cidadáns dos países iberoamericanos que poderán optar pola dobre nacionalidade.

Pola súa parte, Fernando Reglero Campos, catedrático de dereito civil da Universidade de Castela-A Mancha, tendo presente que a nacionalidade española se adquire por residencia en España nas condicións previstas polo artigo 22 do Código civil, e segundo os trámites sinalados pola lexislación do rexistro civil (artigos 63 e 68 da lei e artigos 220, 237 e 365 a 369 do regulamento), puxo de manifesto que os presupostos de adquisición da nacionalidade por esta vía resultan bastante numerosos e de moi diversa índole. En primeiro lugar, o interesado deberá solicitar e obte-la concesión da nacionalidade polo Ministerio de Xustiza. O outorgamento da concesión non significa a adquisición automática da nacionalidade, pois para isto o interesado deberá cumprir-los trámites previstos no artigo 23 CC.

Para a obtención da concesión deberán concorrer unha serie de requisitos, uns de carácter obxectivo e outros subxectivos:

a) Requisito obxectivo é a residencia en España durante un período de tempo determinado, de forma legal, continuada e inmediatamente anterior á solicitude (artigo 22, alíneas 1 e 2 CC).

b) Requisitos subxectivos son que o interesado teña observado unha boa conducta cívica e teña acadado un suficiente grao de integración na sociedade española (artigo 22.4 CC).

A verificación destes requisitos non supón necesariamente que o Ministerio de Xustiza teña que outorga-la concesión. Poderá facelo, pero tamén poderá denegala se considera que existen motivos de orde pública e de interese nacional (artigo 21.2 CC), circunstancia que deberá xustificar

ou motivar. Agora ben, se ben é certo que, segundo o último parágrafo do artigo 223 RRC, a denegación da concesión por tales razóns «poderá non motivarse», despois da reforma operada pola Lei 18/1990, do 17 de decembro, o artigo 21.2 CC esixe que a denegación por tales motivos sexa «razoada».

De acordo con esta facultade de denegación, sinalouse que o estranxeiro que reúna os requisitos obxectivos para adquiri-la nacionalidade por residencia non ten un dereito subxectivo, ó estar sometida a súa efectiva adquisición á concesión por un órgano administrativo. Non obstante, como afirmou Reglero Campos, o feito de que a denegación por razóns de orde pública ou interese nacional deba ser «razoada» reduce de forma considerable a discrecionalidade da decisión administrativa, de xeito que cando non concorran tales razóns a concesión non poderá ser denegada. Así o proba o feito de que a denegación é revisable polos tribunais.

En canto á xurisprudencia, esta explicitou unha dobre caracterización dos requisitos anteriormente sinalados:

1. En relación cos obxectivos, isto é, os que debe reuni-la residencia en España (legalidade, continuidade e inmediatez), manifestouse que son de carácter definido: formulación de solicitude e a residencia legal, continuada e inmediatamente anterior á petición durante o prazo de tempo aplicable en cada caso (dez, cinco, dous ou un ano).

2. Os segundos configúranse como conceptos xurídicos indeterminados, ben de carácter, como a xustificación de boa conducta cívica e o suficiente grao de integración na sociedade española, ou ben de carácter negativo como é o caso dos motivos de orde pública ou interese nacional que poden xustifica-la súa denegación.

Estes requisitos, pola súa propia natureza de conceptos xurídicos indeterminados, precisan, en anuencia co sinalado polo relator, da concreción axeitada ás circunstancias de cada caso, e a súa valoración leva a unha decisión administrativa xurisdiccionalmente fiscalizable.

Finalmente, como xa se precisou, unha vez obtida a concesión, o interesado debe emitir unha declaración de vontade de adquisición da nacionalidade española nos termos do artigo 23 CC.

Polo que se refire ós prazos de residencia en España, o Código civil establéceos atendendo a certo tipo de situacións nas que poida encontrarse o solicitante da nacionalidade: prazo xeral de dez anos; que se reduce a cinco para os que teñan obtido asilo ou refuxio²; a dous cando se

² Trátase dunha novidade introducida pola reforma de 1990. Para determinar quen son os que ocupan a condición de asilado ou refuxiado ha de acudirse á Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición do refuxiado, reformada pola Lei 9/1994, do 19 de maio.

trate de nacionalidade de orixe de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal ou de sefardís; e a un para os caos expresados no número 2 do artigo 22 CC, é dicir:

- O que non teña exercitado oportunamente a facultade de optar.
- Quen teña estado suxeito legalmente á tutela, garda o acollemento dun cidadán ou institución españois durante dous anos consecutivos.
- Quen ó tempo da solicitude levase un ano casado cun español ou española e non estivese separado legalmente ou de feito.
- O viúvo ou viúva de española ou español.
- O nado fóra de España de pai ou nai que orixinariamente teñan sido españois.

Ó tema da adquisición da nacionalidade española polo cónxuxe e no seu caso polo convivente de español ou española referiuse expresamente Javier Carrascosa González, profesor titular de dereito internacional privado da Universidade de Murcia.

Sobre este suposto de feito comentou que é *errónea* a afirmación, pese a estar moi difundida, de que no actual dereito español da nacionalidade o matrimonio con español ou española é *causa automática* da adquisición da nacionalidade española polo cónxuxe estranxeiro, e así a constatou como unha *idea falsa estendida*.

Para analiza-la cuestión partiu dun presuposto elemental, a saber: a idea estrutural do dereito español da nacionalidade. No actual dereito español da nacionalidade abandonouse o antes *vixente principio de unidade xurídica da familia*³, para hoxe en día rexe-lo *principio da nacionalidade persoal*, que é que cada persoa ten a súa propia nacionalidade, que pode ser distinta da nacionalidade que posúen o resto dos membros da súa familia. Este criterio de nacionalidade persoal é consecuencia da proxección no dereito da nacionalidade de dous principios básicos constitucionais (artigos 10 e 14 CE):

- a) Principio de non discriminación por razón de sexo: a muller non segue automaticamente a nacionalidade do home.
- b) Principio de libre desenvolvemento da personalidade: a ningún individuo maior de idade se lle impón unha nacionalidade en contra da súa vontade.

Polo tanto, a redacción actual do artigo 22 CC indica, segundo Carrascosa González, que o cónxuxe de español ou española pode adquirir (non é obrigatorio e ademais a Administración resérvase o dereito a non

³ Toda a familia debe te-la mesma nacionalidade, que é a nacionalidade do varón pai de familia.

acceder á petición por diferentes motivos) a nacionalidade española por residencia en España dun ano se a residencia cumpre cunha serie de requisitos (residencia forzada), se o matrimonio cumpre tamén con outra serie de esixencias (esixencia de auténtico matrimonio) e se se cumpren unha serie de requisitos formais, complementarios dos anteriores pero necesarios.

En canto ás consecuencias da adquisición da nacionalidade española polo residente en España cónxuxe de español ou española e da correlativa aplicación da lei española ó seu «estatuto persoal», estas son evidentes para o relator:

a) Facilítase a función xurisdiccional: os xuíces e tribunais non teñen que aplicar leis estranxeiras, leis que hai que probar sempre segundo o artigo 281.2 da Lei de axuízamento civil do ano 2000, coa conseguinte diminución de custos e axilización do proceso.

b) Facilítase a vida legal do individuo pola proxección do principio de proximidade propio do actual dereito internacional privado: as situacións privadas internacionais deben rexerse pola lei do país co que presentan un vínculo máis estreito.

A continuación, José Luis Reglero Campos, vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial e maxistrado do Contencioso-administrativo, pronunciouse sobre a cuestión da boa conducta cívica e o suficiente grao de integración para a concesión por residencia, e foi obxecto de estudo do relatorio a xurisprudencia nacida ó abeiro do artigo 22.4 CC, segundo o que para a obtención da nacionalidade española por residencia, á parte de certos requisitos regrados que non son do caso máis os deducibles do artigo 21.3 CC, imponse como carga procedimental a consistente en que o «interesado deberá xustificar, no expediente regulado pola lexislación do Rexistro civil, unha boa conducta cívica e suficiente grao de integración na sociedade española», o que debe relacionarse co previsto no artigo 22.1 CC para o caso de solicitude da nacionalidade por residencia, isto é, que o Ministerio de Xustiza «poderá denegala por motivos razoados de orde pública ou interese nacional».

O complemento normativo desas previsións atopámolo no Regulamento do Rexistro civil que no seu artigo 220 dispón que o expediente para a concesión da nacionalidade por residencia se indicará especialmente se o interesado está procesado ou ten antecedentes penais e –aínda que sexa xa unha previsión desfasada segundo Requero Ibañez– se cumpriu o servizo militar ou prestación equivalente segundo as esixencias das leis do seu país, ou se acredite a situación que conorra nel ó respecto e as circunstancias reduzan o tempo esixido (alínea segunda).

Máis relevante e co fin da determinación do seu grao de integración, a alínea quinta do citado precepto prevé que debe existir constancia de se

fala castelán ou outra lingua española, máis calquera circunstancia de adaptación á cultura e estilo de vida españois, como estudos actividades, benéficas ou sociais, e as demais que estime convenientes.

A proba destes extremos correspóndelle ó solicitante (artigo 221.1 RRC), e así a conducta acreditarase por certificado da autoridade gubernativa local e polo do Rexistro central de penados e rebeldes (artigo 221.3 RRC). O mencionado artigo 221 conclúe que para a concesión da nacionalidade por residencia esta acreditarase, de ser posible, por información do Goberno civil ou da Dirección Xeral da Policía do Ministerio do Interior. En canto ós demais feitos e circunstancias o precepto sinala que poderán acreditarse por calquera medio de proba axeitado admitido en dereito. Por último, o encargado oírá persoalmente ó peticionario para comproba-lo seu grao de adaptación á cultura e estilo de vida españois, e procurará escoitar tamén ó cónxuxe por separado e reservadamente sobre o cambio de nacionalidade e circunstancias que nisto concorren⁴.

Como é sabido, e así o lembrou o relator, os litixios que nazan desta normativa resólvense ante a xurisdicción contencioso-administrativa a teor do artigo 22.5 CC, previsión legal que se introduciu a raíz da sentenza do Tribunal Supremo, antiga sala 4^a, do 7 de xuño de 1986.

Desde este marco normativo, a xurisprudencia parte da premisa de que a nacionalidade, de conformidade co artigo 1.7 da LRC, é un auténtico estado civil (SSTS do 24 de abril, 9 de xuño, 19 de xuño, 25 de outubro e 7 de outubro de 2000). Desta forma e segundo esa doutrina, a nacionalidade define o estado civil por máis que teña unha dobre dimensión: dun lado, como título para formar parte da organización do Estado e, ademais, unha calidade como pertencente a unha comunidade. O primeiro configura o seu aspecto público e o segundo o privado, sen que por isto caiba escindi-la súa verdadeira natureza xurídica de estado civil, decisivo para a posición xurídica da persoa.

Do exposto por Requero Ibáñez debe inferirse que a adquisición por residencia non pode confundirse coa que se leva a cabo por carta de natureza. Ó respecto a xurisprudencia afirma que mentres esta constitúe un xenuíno dereito de gracia (cfr. artigo 21.1 CC), no que o requisito da solicitude ten o significado de ocasión ou motivo pero non da súa causa xurídica, a adquisición por residencia non pode concederse ou denegarse senón cando concorran as circunstancias legalmente previstas. Desta maneira non se trata dunha concesión *strictu sensu* e menos en sentido xurí-

⁴ Á súa vez, o artigo 222 RRC dispón que «a dirección reclamará os informes oficiais que estime precisos e sempre o do Ministerio do Interior. O informe deste departamento comprenderá o xuízo sobre a conducta e situación do estranxeiro respecto das obrigacións que impón a súa entrada e residencia en España».

dico e administrativo, desde o que podería defenderse o seu carácter de negocio unilateral; trátase, máis ben, dun recoñecemento que se efectúa por concorre-los requisitos esixibles, aínda que poida denegarse por motivos de orde pública ou de interese nacional suficientemente razoados (artigo 21.1 CC). Respecto deste requisito formal, de non ter sido pola inaplicación que fixo a sentenza do Tribunal Supremo do 7 de xuño de 1986 do artigo 223.3 RRC⁵, hoxe, trala reforma de 1990, entenderíase derrogado e, en todo caso, sempre sería de aplicación o artigo 54.1.f) da Lei 30/1992 que esixe a motivación cando unha disposición legal así o impoña.

Á súa vez, non debe esquecerse, tal e como advertiu o relator, que, a diferenza do que ocorre co réxime xeral de estranxeiría conforme ó que a residencia legal constitúe o pórtico xurídico a partir do que o estranxeiro é titular daqueles dereitos e liberdades non ligados á persoa en canto tal (cfr. STC 94/1993), a concesión da nacionalidade española non é un dereito fundamental recoñecido pola Constitución ós estranxeiros. Deste modo, o artigo 11.1 CE o que establece é que a nacionalidade española se adquire, conserva e perde de acordo co establecido na lei, como así o recoñece a sentenza da Audiencia Nacional, sección 4ª, do 28 de xuño de 2000.

Por outra parte e desde o punto de vista do artigo 14 CE, a xurisprudencia advirte que a posición xurídica do estranxeiro petionario da nacionalidade non é equiparable á do español no tocante á aplicación de determinados requisitos. Así a sentenza do Tribunal Supremo, sala 3ª, sección 6ª, do 26 de setembro de 2000, entende que non é invocable o artigo 14 CE que toma como termo de comparación ós españois⁶.

⁵ De acordo con este precepto regulamentario, «poderán non motivarse as resolucións denegatorias por razóns de orde pública ou interese nacional».

⁶ No seu pronunciamento o Tribunal Supremo declara desta maneira que «a non concesión da nacionalidade española a unha cidadá estranxeira que estea na mesma situación que outros cidadáns españois non vulnera o principio de igualdade de dereitos entre españois e estranxeiros, pois este principio non ten carácter absoluto, senón que, como declara a sentenza do Tribunal Constitucional 10771984, «existen dereitos que corresponden por igual a españois e estranxeiros e cunha regulación que debe ser igual para ambos (os imprescindibles para a garantía da dignidade humana); existen dereitos que non lles pertencen de ningún modo ós estranxeiros (os recoñecidos no artigo 23 da Constitución segundo dispón o artigo 13.2 e coa salvedade que contén); existen outros que lles pertencerán ou non ós estranxeiros segundo o dispoñan os tratados e as leis, e é entón admisible a diferenza de trato cos españois en canto ó seu exercicio».

Desde esta premisa, a STS do 26 de setembro de 2000 conclúe afirmando que «resulta evidente que a regulación da concesión da nacionalidade española a un estranxeiro supón unha desigualdade, pois a lei establece uns requisitos para obtela que non son necesarios para a adquisición da nacionalidade española por razón de orixe».

A partir destes presupostos, o exercicio das potestades administrativas que se exercitan ante as solicitudes de nacionalidade por residencia levou a Requero Ibáñez ó estudio, en canto ó dereito substantivo, do control xurídico dunhas potestades concretadas na técnica de integración de conceptos xurídicos indeterminados así como determina-lo alcance dos informes reservados nos que pode basearse o exercicio de tales potestades. Pero, ademais, desde o punto de vista procedimental administrativo, suscítase o reparto da carga de probar entre a Administración e o administrado segundo que se estea ante o suposto do artigo 22.1 ou artigo 22.4 CC, respectivamente, así como o alcance deses documentos clasificados como segredos ós que se facía referencia; e outro tanto ocorre desde o punto de vista do proceso contencioso-administrativo á vista das previsións do artigo 48.6 da Lei de réxime xurídico.

Finalmente, a última intervención correu a cargo de Federico A. Rodríguez Morata, catedrático de dereito civil da Universidade de Castela-A Mancha, que disertou sobre as novas condicións de recuperación da nacionalidade española, que como puxo de relevo o Centro Directivo (resolucións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do 5 de marzo de 1999 (RX 1999, 10116) e 14 de xaneiro de 2000 (RX 2000, 3112), entre outras) só pode recuperar tal nacionalidade o que previamente teña sido español; de onde se deduce que todo español que perdeu –voluntaria ou involuntariamente– ou foi privado da nacionalidade española pode recuperala conforme ó disposto no artigo 26 CC.

Neste último precepto, polo demais, rematou por confluí-lo tratamento de dúas hipóteses que con anterioridade á Lei 51/1982, do 13 de xullo (de reforma do Código civil en materia de nacionalidade) mereceran preceptos específicos. Desde a Lei de rexistro civil de 1870 (artigos 106 e 107) ata a reforma do Código civil operada pola Lei 14/1975, foron tratadas como situacións formalmente desiguais ou diversas: por un lado, a do antigo español que perdeu *voluntariamente* a nacionalidade; e, polo outro, a do que fose *privado* dela como consecuencia das conductas que en cada momento estiveron tipificadas⁷. Ademais, nese período lexislativo os españois que perdesen *involuntariamente*⁸ a nacionalidade española non tiñan un tratamento diferenciado dos que a perderon *voluntariamente*, para os efectos de cumprir cos requisitos para a recuperación da nacionalidade española. Haberá que esperar ata a referida Lei 51/1982 para que, aínda que o tratamento siga sendo substancialmente diverso, ámbalas situacións (perda e privación da nacionalidade) queden reconducidas no mesmo

⁷ Vid. GIL RODRÍGUEZ y ANGOITIA GOROSTIZA, *Comentarios al Código Civil*, II-1º, Barcelona, 2000, p.175.

⁸ V.gr., emigrantes ou muller casada con estranxeiro.

precepto, sometendo ós primeiros ó cumprimento dos requisitos xerais en materia de recuperación da nacionalidade española, pero previndo unha situación de favor para os que perderon involuntariamente a dita nacionalidade; e esixíndolles ós segundos unha habilitación previa para volver gozar dela.

Nas súas distintas reformas posteriores⁹, o artigo 26 CC vén esixindo invariablemente catro requisitos xerais para a recuperación da nacionalidade: residencia, declaración, renuncia e inscrición. Unicamente este último foi un requisito historicamente esixido para a recuperación da nacionalidade española, desde que o artigo 96 da Lei de rexistro civil de 1870 dispuxera que «os cambios de nacionalidade producirán efectos legais en España só desde o día en que sexan escritos no Rexistro civil». En cambio, o requisito da necesidade de *radicarse en España* para a recuperación da nacionalidade, á parte de terse eliminado como tal requisito na versión da Lei 14/1975, do 2 de maio, resulta que a esixencia tradicional de «volver ó reino» (artigo 21 CC, na súa versión orixinal) foi recuperada e transmutada con ocasión da Lei 51/1982, baixo a vixencia da que non basta co «regreso», senón que o requisito correspondente precisa a residencia legal e continuada en España durante un ano inmediatamente anterior á petición» (artigo 26.1.1º). É entón, seguindo a descrición evolutiva de Rodríguez Morata, cando se inicia o réxime inestable da «non esixencia ou dispensa» do requisito en determinados casos¹⁰. Con todo, este requisito xenérico consolídase mediante a Lei 18/1990 coa fórmula de «ser residente legal en España» do artigo 26.1.a) CC, que será respectada pola Lei 29/1995. Por último, a esixencia de «renuncia á nacionalidade anterior» foi, en certo modo, dulcificada pola Lei 18/1990, sinxelamente a «declaración de renuncia» nos supostos de nacionalidades incompatibles coa española, á par que exime desa declaración ós «naturais dos países mencionados no artigo 24» (artigo 26.1.c), tamén na versión actual da Lei 29/1995.

En todo caso, a evolución lexislativa do artigo 26 do Código civil desde a súa reforma operada por Lei 51/1982, pasando pola disposta pola Lei 18/1990 e culminando coa Lei 29/1995, ten unha particularidade común: o establecemento dun réxime específico de nacionalidade dos emigrantes españois, mediante unha diferente configuración –en cada etapa lexislativa– da figura da dispensa do requisito da residencia a tales emigrantes. Así, mentres a Lei 51/1982 establecía que o requisito da residencia «se dispensará» polo Ministerio de Xustiza ós emigrantes es-

⁹ Ademais da operada pola Lei 51/1982, véxanse as levadas a cabo pola Lei 18/1990, do 17 de decembro, e pola Lei 29/1995, do 2 de novembro.

¹⁰ V.gr., emigración e muller casada con estranxeiro.

pañois que xustifiquen esta condición; a Lei 18/1995 dicía que o goberno «poderá» dispensar dese requisito ós emigrantes ou «fillos de emigrantes»; para culminar coa Lei 29/1995 que sinala que o requisito da residencia legal en España «non lles será de aplicación ós emigrantes nin ós fillos de emigrantes», nin tampouco á muller española que tivese perdido a dita nacionalidade por razón de matrimonio, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 14/1975, pois segundo a disposición transitoria segunda da Lei 29/1995, aquela poderá recuperala de conformidade co previsto no artigo 26 CC para o suposto de emigrantes ou fillos de emigrantes.

Polo demais, a recente tramitación da Proposición de lei 122/216 de modificación do Código civil en materia de nacionalidade, presentada o 9 de maio de 2002 e publicada no *Boletín Oficial de las Cortes Generales* –Congreso dos Deputados– o 16 de maio de 2002, parece anunciar unha nova reforma das condicións de recuperación da nacionalidade española cando non se cumpriu o servizo militar ou a prestación social substitutiva. Con isto, de acordo con Rodríguez Morata, parece que se impuxeron as teses sostidas polo grupo parlamentario do Partido Popular na súa Proposición de lei 122/109 de modificación do Código civil en materia de nacionalidade, presentada o 12 de marzo de 2001, fronte ós criterios que en relación ós requisitos sobre a recuperación da nacionalidade española, pola súa parte, sostiveron tanto o grupo parlamentario socialista (Proposición de lei 122/102 sobre modificacións do Código civil en materia de nacionalidade, presentada o 20 de febreiro de 2001) como o grupo parlamentario de Esquerda Unida (Proposición de lei 122/150 de modificación do Código civil en materia de adquisición e recuperación da nacionalidade, presentada o 17 de outubro de 2001). Por acordo dos citados grupos parlamentarios, as tres proposicións de lei unificáronse nunha única proposición de lei (122/216), que como sinala o informe do relatorio do 9 de maio de 2002, parte da introducción no Código civil das modificacións que recollía a Proposición de lei 122/109, incluíndo a incorporación das emendas números 33 a 41 do grupo parlamentario Popular á dita iniciativa lexislativa. 